

PEQUENO DICCIONARIO XERAIS DA LINGUA

Coordinador

Gonzalo Navaza Blanco

Autores

M^a Carme Ares Vázquez
Xosé M^a Carballeira Anllo
Primitivo Iglesias Sierra
Xosé M^a Lema Suárez
Rosa López Fernández



Introdución

O *Pequeno Dicionario Xerais da Lingua* foi concibido como un dicionario básico do galego estándar, que por formato e dimensións permitise unha cómoda manexabilidade e transportabilidade e ó mesmo tempo contivese toda a información precisa para resolver as dúbidas que se presentan habitualmente na interpretación e elaboración de calquera tipo de textos. Publicouse por primeira vez en 1989 e desde entón non deixou de reimprimirse, ano tras ano, en sucesivas edicións, incluídas dúas grandes revisións e actualizacións en 1993 e 1997.

A presente edición incorpora os cambios da normativa ortográfica aprobados pola Real Academia Galega no ano 2003. Coa introdución destes cambios, que se manifestan no propio título do dicionario («dicionario», nas edicións precedentes), procedeuse a unha completa reformulación do *Pequeno Xerais* e achegáronse notables novidades, tanto nos contidos e na súa disposición coma no deseño da páxina e o formato do volume.

Entradas

O número de entradas acrecentouse ata cerca das 18.000, ben mediante o desenvolvemento de termos que figuraban sen definir no apartado das familias léxicas, agora incluídos como entradas independentes e coa correspondente definición, ou ben mediante a incorporación de novos termos que non figuraban nas edicións anteriores.

Caracterización gramatical

Logo de cada entrada indícase a caracterización gramatical da palabra, en letra cursiva ou itálica e en abreviatura, segundo as correspondencias expostas na táboa con que remata esta introdución. Emprégase a dobre barra vertical (||) para separar as acepcións correspondentes ás diferentes caracterizacións gramaticais dunha mesma entrada. Cando a entrada é un verbo, a caracterización gramatical tamén precisa o seu uso como transitivo, intransitivo ou pronominal, información que non figuraba nas edicións precedentes do *Pequeno Xerais*.

Acepcións

Os diversos usos e significados dunha mesma palabra aparecen separados en diferentes acepcións numeradas. Dadas as características do dicionario, excluíronse acepcións inusitadas ou de carácter moi restrinxido, mais procurouse incluír todos os usos e significados vivos no galego contemporáneo en todos os seus ámbitos, rexistros e niveis.

Exemplos

Nalgúns casos complétase a información dada nas definicións con exemplos aclaratorios dos usos e significados, especialmente cando encerran algunha dificultade ou cando, por economía de espazo, o exemplo permite escusar unha explicación máis prolíxa. Estes exemplos figuran entre signos de paréntese e en letra cursiva ou itálica.

Frases feitas e locucións

En moitos casos proporcióname información acerca do significado de frases feitas ou locucións en que intervéñen a palabra da entrada. Figuran a continuación das definicións correspondentes ás acepcións numeradas, separadas delas mediante unha dobre barra (||).

Familias léxicas

Algunhas entradas levan no final un apartado, introducido pola abreviatura FAM., onde se inclúen diferentes termos emparentados lexicamente coa palabra da entrada. Por razóns de economía de espazo, inclúense neste apartado, e non como entradas, aqueles termos derivados cuxo significado pode deducirse doadamente a partir do significado do termo de que derivan. Se algunha das palabras pertencentes a estas familias léxicas presenta particularidades nos seus usos ou significados, aparece tamén como entrada propia no seu lugar correspondente.

Normativa

O *Pequeno Dicionario Xerais da Lingua* é un dicionario do galego normativo, isto é, da variedade estándar da lingua. Por esta razón non figuran nel aquelas formas que, aínda sendo lexitimamente galegas, non se corresponden coas sancionadas como propias da variedade estándar pola normativa vixente.

Como queda dito, o dicionario incorpora as novidades derivadas da reforma de 2003 nos seus aspectos ortográficos, morfolóxicos e léxicos. Nos casos en que a normativa ofrece unha dobre solución (por exemplo, en *ó / ao, ata / até...*), rexístranse como entradas ambas as dúas formas, por máis que na redacción do texto das definicións se lle dea preferencia a unhas sobre outras (nos exemplos citados, as que figuran en primeiro lugar). Nos nomes rematados en *-ería* ou *-aría* déuselle preferencia a esta última forma da terminación (coas excepcións prescritas pola normativa), e así figuran como entrada *bruxaría, meigaría, tinturaría* ou *tolaría* e non *bruxería, meiguería, tinturería* ou *tolería*. Nos adxectivos rematados en *-ble* ou *-bel*, déuselle preferencia á primeira das solucións (*amable, amables* e non *amábel, amábeis*).

Mostra práctica da información que ofrece o dicionario

acústico -a *adx.* 1. Pertencente ou relativo ó sentido ou ó órgano do oído. || *s.f.* 2. Parte da física.

amecer *v.t.* e *v.p.* 1. Engadir, reunir, xuntar, empalmar, empatar. 2. Mesturar. || *v.p.* 3. Ficar o can e mais a cadela unidos polos órganos xenitais ó copular.
FAM. Amecedura.

amedrentar *v.t.* e *v.p.* Meter medo, asustar, atemorizar.
FAM. Amedrentado, amedrentador.

ameixa¹ *s.f.* Variedade de molusco lamelibranquio comestible.

ameixa² *s.f.* Froito da ameixeira; froita de drupa doce, de forma e cores variadas. || **a. brava**, abruñeiro.

acougo *s.m.* Tranquilidade, calma, repouso.
|| Non ter **a**, estar preocupado.

aceiro *s.m.* 1. Aliaxe de ferro e carbono. 2. Arma branca e gume da mesma. || **Ter bos aceiros**, ter ánimo, brio e resolución.
FAM. Aceiramento, aceirar.

aquelado -a *adx.* 1. Preparado, aseado. 2. Xeitoso (*éche un rapaz moi aquelado*).

anorak *s.m.* Peza de vestir, de tecido lixeiro, impermeable e con capucha. OBS. O seu plural é **anoraks**.

anorexia [ks] *s.f.* 1. Falta de apetito. 2. Repulsa do alimento.

nós [ɔ] Pronome persoal tónico de 1ª persoa plural, que se emprega como suxeito ou complemento con preposición (*chegamos nós primeiro*).

abeneiro *s.m.* fi **ameneiro**.
á parte *loc.adv.* fi **parte, á**.

Na entrada, tras un guión curto móstrase a variación de xénero. A continuación figura en abreviatura a categoría gramatical.

Os números indican as distintas acepcións da palabra.

A dobre barra separa distintas categorías gramaticais nas acepcións.

A familia léxica está formada por termos que comparten a raíz da palabra que figura como entrada.

Figuran como entradas distintas os homógrafos (palabras de orixe diferente que se escriben igual).

A dobre barra tamén dá inicio ás frases feitas e locucións.

Nelas, a abreviatura indica que se repite a palabra da entrada. Cando esta sofre algunha variación, figura a palabra completa.

Os exemplos aclaratorios de certos usos ou significados aparecen en cursiva entre parénteses.

Coa abreviatura OBS. introdúcense observacións acerca da forma, a flexión, o uso ou o significado da palabra.

Aclárase a pronunciación de certas grafías que poderían levar a confusión (no primeiro exemplo indica que o *x* ante vogal se pronuncia como *ks*; no segundo, que o timbre do *o* é aberto).

Cunha frecha remítese á definición dun sinónimo de uso máis frecuente. Tamén serve para indicar algunhas solucións convencionais na orde alfabética.

A

a¹ *s.m.* Primeira letra do alfabeto galego. Representa o fonema vocálico /a/, aberto e central.

a² Artigo definido, feminino, singular (*a carballeira*).

a³ Forma do pronome persoal de terceira persoa, feminino, singular, que funciona como obxecto directo (*non a vin*).

a⁴ *prep.* 1. Sinala dirección, tempo ou lugar (*vou a Mondoñedo; chegaches ás nove*). 2. Expresa modo ou instrumento (*foi a pé ó traballo; matouna a desgustos*). 3. Emprégase nas expresións que indican prezo (*as patacas están a 30 céntimos*) ou cantidade proporcional. 4. Úsase ante o complemento indirecto e, ocasionalmente, o directo (*deulle un bico a Miguel; chamou a Estevo*). 5. Introduce o infinitivo nalgunhas perífrases verbais (*botou a correr*). 6. Serve para formar locucións preposicionais, conxuntivas e adverbiais (*a carón de, a rente de, a non ser que, a menos que*). 7. En expresións exclamativas, seguida de infinitivo, indica unha orde (*a comer!*; *a traballar!*).

á¹ Contracción da preposición *a* co artigo feminino *a* (*chegaron á praia*).

á² *s.f.* 1. Membro do corpo das aves e insectos para voar; ala. 2. Parte dos avións; ala. 3. Flanco, costado, ala, parte situada a un lado do corpo principal.

aba *s.f.* 1. Parte inferior dun vestido. 2. Mandil. 3. Ladeira dun monte; faldra, encosta. 4. Parte inferior que rodea a copa do sombrero. 5. Parte do tellado que sobresaes dos muros; beiril, beira, beirado, pingueira.

abacial *adx.* Pertencente ou relativo ó abade, á abadesa ou á abadía.

ábaco *s.m.* 1. Aparello empregado para facer cálculos aritméticos que consta dun marco onde van suxeitos varios arames provistos de bólas móbiles. 2. Parte superior do capitel, sobre a cal se asenta a arquitrabe. 3. Especie de maseira grande empregada para lavar minerais.

abade -esa *s.m.* ou *f.* 1. Título que recibe o superior dun mosteiro ou dalgunhas colexiatas. || *s.m.* 2. Sacerdote titular dunha parroquia; párroco, cura, crego.

FAM. Abacial, abadengo, abadesa, abadía.

abadengo -a *adx.* Pertencente ou relativo ó abade ou á abadía. || *s.m.* 2. Dignidade, territorio e bens dun abade ou abadesa ou dunha abadía.

abadexo *s.m.* Peixe teleósteo de cabeza grande e corpo cilíndrico; é comestible; corbalo, cerreta.

abadía *s.f.* 1. Dignidade de abade ou de abadesa. 2. Igrexa ou mosteiro rexido por un abade ou por unha abadesa. 3. Casa do crego que rexenta unha parroquia, reitoral, reitoría.

abafallar *v.t.* Desprezar, desairar.

FAM. Abafallo.

abafar *v.t.* e *v.i.* 1. Asfixiar, dificultar ou impedir a respiración; acorar, atafegar. 2. Botar bafó unha cousa. 3. Apagar, dominar, extinguir. 4. Avergoñar, desacreditar, maltratar de palabra a alguén, abafallar.

FAM. Abafadizo, abafado, abafador, abafallar, abafamento, abafante, abafó.

apalpar *v.t.* 1. Tocar, palpar, examinar coa man; apaxar, tentar. 2. Sobar.

FAM. Apalpada, apalpadeiro, apalpadela, apalpadoiro, apalpadura. Palpar.

apampado -a *adx.* 1. Pampo, aparvado. 2. Admirado, asombrado.

FAM. Apampar.

apampanado *adx. fi* **apampado**.

apanar *v.t. e v.p.* Embazar, cubrir de bafo.

apancar *v.t.* 1. Dar pancadas, golpear, bater.

2. Levantar, abrir ou mover algo coa panca; alzapremar.

apandar *v.i.* 1. No xogo da panda, anicarse para que outro brinque sobre o lombo; pandar. 2. *fig.* Levar a peor parte nun xogo, negocio, traballo etc. 3. Resignarse.

FAM. Apanda.

apañar *v.t.* 1. Recoller, levantar do chan. 2. Coller, agarrar. 3. Recibir unha tunda ou castigo. || *v.p.* 4. Gobernarse, darse xeito para facer unha cousa. || **Estar apañado**, estar amolado. **Apañalas no aire**, ser moi agudo.

FAM. Apaña, apañado, apañadoira, apañador, apaño.

apaño *s.m.* 1. Arranxo, acomodo. 2. O que se logrou apañar; apaña.

aparador *s.m.* Moble de comedor para gardar a louza.

aparafusar *v.t.* Apertar un parafuso.

aparato *s.m.* 1. Conxunto de elementos dispostos ou organizados para determinado fin; aparello (*aparato de guerra; aparato crítico*). 2. Esplendor, pompa, ostentación, fasto (*aparato cerimonial*). 3. Conxunto de aspectos vistosos ou impresionantes que acompañan un fenómeno (*unha treboada con aparato eléctrico*).

aparatoso a *adx.* Dise de todo aquilo que non é sinxelo; pomposo, ostentoso en demasia.

aparcar *v.t.* Estacionar, colocar os vehículos nun lugar destinado a tal efecto.

FAM. Aparcamento, aparcadoiro.

apardazado -a *adx.* De cor parda.

aparecer *v.i.* 1. Mostrarse visible unha cousa. 2. Presentarse, manifestarse. 3. Acontecer, xurdir. 4. Tratándose de libros, revistas etc., saír publicados.

FAM. Aparecido, aparencia, aparición, aparentar, aparente. Desaparecer.

aparellador -ora *adx.* 1. O que aparello. || *s.m.* 2. Persoa que dirixe os traballos técnicos dunha obra.

aparellar *v.t.* Preparar, dispoñer os aparellos para emprender unha operación calquera.

aparello *s.m.* 1. Utensilio, obxecto necesario para realizar unha operación. 2. Arreo das cabalarías. 3. Conxunto de elementos (velas, paus etc.) para a navegación dun buque. 4. Conxunto de cordeis e anzois para pescar á man. 5. A xábega e outras artes de pesca. 6. Primeira pintura que se dá nun lenzo. 7. En arquitectura, forma de dispoñer os elementos empregados na construción dun muro. 8. En medicina, calquera dispositivo que se aplica a un membro con fins curativos ou ortopédicos (*aparello ortopédico*). 9. En bioloxía, conxunto de diferentes órganos que concorren para o desempeño dunha determinada función; aparato (*aparello dixestivo; aparello circulatorio*). 10. Máquina ou instrumento, especialmente cando está constituído por varias pezas ou órganos (*aparello de radio; aparello mecánico*). 11. *fig.* Teléfono. || **Pared de a**, na arquitectura, a construída a base de cachotes ou pedras irregulares.

aparencia *s.f.* 1. Aspecto exterior con que se nos presenta unha persoa ou cousa; traza, presenza. 2. Probabilidade, verosimilitude. || *pl.* 3. Que parece e non é, que só é aparente.

aparentar *v.t. e v.i.* 1. Ter ou dar aparencia; representar. 2. Simular, facer crer o que non se é; finxir.

aparicio *s.m.* Máscara, cigarrón.

aparrulado -a *adx.* Aparvado, torpe.

aparruñar *v.t.* Escavar na terra.

apartado -a *adx.* 1. Posto á parte, separado. 2. Distante; afastado (*vive nun lugar apartado*). || *s.m.* 3. Parágrafo dunha lei ou decreto.

FAM. Apartadizo, apartadoiro.

apartamento *s.m.* 1. Acción e resultado de apartar ou apartarse; apartación. 2. Afastamento, ausencia. 3. Vivenda pequena.

apartar *v.t. e v.p.* 1. Separar, dividir ou desunir. 2. Pór á parte; arrombar, retirar.

á parte *loc. adv. fi* **parte, á.**